

2013

PROXECTO EDUCATIVO



CEIP

JOAQUÍN RODRIGUEZ OTERO

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

I.- ANÁLISE DO CONTEXTO

A.- Marco lexislativo.

B.- Entorno.

1- Estudo do medio.

2- A poboación

3- Servizos.

4- Contexto educativo

4.1.- Características socio - económicas

4.2.- Realidade socio - lingüística

C.- Análise do centro.

1- Espazos.

2- Ensinanzas que imparte.

3- Alumnado.

4- Profesorado.

5- Persoal non docente.

6.- Servizos complementarios

7- Relación coas familias.

8- Relación con outras institucións.

II.- NOTAS DE IDENTIDADE

A.- Principio de Identidade.

B.- Principios de convivencia

C.- Principios pedagógicos.

D.- Valores.

E.- Prioridades de actuación

III.- OBTIVOS XERAIS

A.- De ámbito pedagógico.

B.- De ámbito institucional.

IV.- CONCRECCIÓN DO CURRÍCULO E TRATAMENTO TRANSVERSAL NAS ÁREAS

A. Currículo de E. Infantil

B. Currículo de E. Primaria

V.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

VI.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD)

VII.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

VII.- PLAN DE CONVIVENCIA E REGLAMENTO DE RÉXIME INTERIOR (RRI)

VIII.- PLAN LECTOR DE CENTRO

IX.- PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

X.- PLAN DE INTRODUCCIÓN AS NOVAS TECNOLOXÍAS

XI.- MELLORA DO RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO

XII.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PEC

INTRODUCCIÓN

O fin deste Proxecto Educativo é o de establecer os sinais de identidade da nosa comunidade educativa, desde a reflexión sobre o contexto no que esta vive, para así poder concretar desde a análise, que entendemos por educar e que prioridades establecemos.

Este Proxecto Educativo é un documento aberto que intenta ser o referente para a toda a comunidade educativa.

Tentamos que sexa un verdadeiro proxecto en consenso da comunidade educativa, que axude a desenvolver o noso centro educativo e levar a cabo prácticas democráticas que colaboren de maneira permanente e continuada a mellorar o acceso á educación de todas as persoas e a facer máis abertas e igualitarias as oportunidades e experiencias educativas. A nosa pretensión é adecuar e actualizar o P.E. aprobado no Consello Escolar en xuño de 2000 aos novos tempos e ás novas realidades.

Para introducir melloras necesítase ter un coñecemento da situación concreta dos diferentes aspectos do funcionamento do centro:

- O proxecto educativo debe atender todos os aspectos que definen unha educación integral (afectividade, razoamento, sensibilidade artística...)
- Na Educación hai aspectos básicos e comúns a todos os niveis que deben traballarse como son a lectura, escritura, cálculo e expresión entendidas como base e fundamento de calquera aprendizaxe posterior.
- Na escola é necesario axudar aos nenos/as para que resolvan os seus problemas de estudo e de relación.
- Cando un conxunto de persoas ou unha institución quere realizar un proxecto común resulta necesario coordinar orientacións, procedementos de traballo e actividades concretas.

- As técnicas didácticas, entendidas como operacións encamiñadas a conseguir uns resultados, orientan e facilitan a aprendizaxe dos alumnos. As técnicas que o mestre utiliza son un indicador da calidade do seu traballo.
- O ritmo, a cantidade e a eficacia das aprendizaxes conseguidas polos nenos depende da súa situación concreta: o interese, o grao de motivación, así como as dificultades específicas que os nenos poidan ter por causas individuais.
- Relación profesor- grupo de alumnos, alumno - alumno, alumno - clase.
- Organización do grupo - clase. Esta comporta unha gran cantidade de relacións e tarefas que necesitan ser canalizadas, facilitando o axuste e a regulación dos diferentes elementos.
- O proxecto educativo supón a consecución duns obxectivos, preténdese ver como o centro asegúrase a adquisición das aprendizaxes por parte de cada neno/a.
- Definición, adecuación e aceptación dos obxectivos. Trátase de considerar se os obxectivos do centro están suficientemente definidos e concretados, se son adecuados á realidade da escola e o seu contorno, se están aceptados total ou parcialmente.
- A participación na elaboración e a revisión do proxecto é necesaria por parte de todos os estamentos implicados na Institución escolar.
- A escola necesita uns recursos materiais e didácticos para funcionar. Os criterios que se utilizan na selección e o uso que se fai destes recursos son cuestións que teñen moita importancia pola súa repercusión formativa, tanto no alumnado como no profesorado.
- A economía facilita ou dificulta a realización de actividades imprescindibles ou convenientes para o cumprimento do proxecto e para a satisfacción no exercicio docente.
- Ambiente de traballo na Institución escolar. As persoas que integran o centro educativo teñen unha actitude determinada cara á tarefa que se realiza.

- As relacións persoais na medida que afectan a cada un ou inciden na súa satisfacción e rendemento, repercuten no centro.
- A educación ten unha clara vertente social, o coñecemento da realidade social máis ampla e a vinculación á máis próxima fai que a escola e o tipo de educación que se propón non queden desvinculados destes contextos.
- O contacto e relación coas familias é un elemento fundamental para realizar unha tarefa educativa axeitada.
- Os valores que subxacen ao proxecto convén coñecer en que grao se coñecen e son explícitos.
- Para a realización do proxecto educativo é necesario realizar funcións de decisión, coordinación e control - regulación respecto dos aspectos pedagóxicos, económicos, administrativos e institucionais.

I- ANÁLISE DO CONTEXTO

A.- MARCO LEGISLATIVO

Para o trazado do marco legislativo apoiámonos nunha base normativa e bibliográfica actualizada , esta base verase aplicada e contextualizada en cada un dos apartados deste documento.

- Constitución Española do 27 de Decembro de 1978.
- Lei de Integración Social do Minusválido , L13/1982 do 7 de abril.
- Lei Orgánica do Dereito á Educación,L8/1985 do 3 de xullo.
- Lei Orgánica de Participación Avaliación e Goberno dos Centros Educativos, L9/1995 do 20 de novembro.
- Real Decreto 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia.

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

- Lei 27/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz (BOE 287 do 1-12-2005)
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) (BOE 141 de 4-5-2006).
- Real Decreto 1630/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil.
- Real Decreto 1513/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas de educación primaria.
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG do 8-5-2007).
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria.
- Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galicia.
- Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

B.- ENTORNO

1- ESTUDO DO MEDIO

Datos obtidos do libro “Comarca Natural de Bergantiños” de Salvador Parga Pondal, e do INE (datos de 2010).

Entre os montes e lombas que separan as chairas do centro de Bergantiños e a de Seaia , pero xa nesta última, encóntrase situado o C. E. I. P. Joaquín Rodríguez Otero no pobo de Buño, que pertence ó concello de Malpica de Bergantiños , sito á 8 km. , e que contou cun antigo núcleo sobre un montiño de escasa altura, quizais un antigo castro, e que, ó se construíren as actuais estradas de Carballo a Malpica de Bergantiños e a que, partindo das inmediacións do antigo lugar de Buño, se dirixe ó porto de Laxe, se foi desprazando cara a estas dúas vías que pasaban ó pé da devandita cuíña ata constituírse unha vila - itinerario. A zona está regada polo río de Va . Os seus límites son: ao norte limita co mar, Monte Neme e Razo, no concello de Carballo; ao oeste con Malpica e o mar; ao sur limita con Xornes e o municipio de Ponteceso e ao leste co municipio de Carballo.



“ Preto do Ponteceso de Pondal, onde xa esvaece o Monte Neme e como antesala do Atlántico, Buño está na encrucillada. Rueiros aloucados como as raigañas dos choróns, acollen obradoiros tradicionais erixindo o que o poeta Miro Villar denomina arquitecturas dúctiles para o tacto, feitas desde a Terra.”

A parroquia componse de 13 lugares: Buño, A Costa. O Cruceiro, A Fonte, O Forno Novo, A Casa de Laxe, Os Mouróns, A Pedreira, O Rego, O Rueiro, Sta. Catalina, Sta. Filomena e Xaviña.

A zona de influencia do colexio (Buño, Leiloio, Cambre e Cerqueda) pertence ao arciprestado de Seaia no Concello de Malpica.

2- A POBOACIÓN

Segundo datos do INE do ano 2010 a localidade de Buño conta con pouco menos de seiscientos habitantes, chegando a pouco mais de dous mil habitantes contando cos núcleos poboacionais da zona de influencia do centro escolar. Obsérvase unha grande diminución da poboación na última década motivada pola falta de traballo se exceptuamos a actividade do barro tanto artesán como industrial.

Ano 2010					
Provincia	Municipio	Unidade Poboación	Poboación total	Varóns	Mulleres
15 Coruña, A	043 Malpica de Bergantiños	020000 BUÑO (SAN ESTEBO)	586	276	310
15 Coruña, A	043 Malpica de Bergantiños	050000 LEILOIO (SANTA MARIA)	613	294	319
15 Coruña, A	043 Malpica de Bergantiños	030000 CAMBRE (SAN MARTIÑO)	254	121	133
15 Coruña, A	043 Malpica de Bergantiños	030300 CAMBRE	197	93	104
15 Coruña, A	043 Malpica de Bergantiños	040000 CERQUEDA (SAN CRISTOBO)	659	318	341
15 Coruña, A	043 Malpica de Bergantiños	040800 CERQUEDA	72	35	37
Total			2381	1137	1274
Datos: INE 2010.					

Buño é a segunda concentración importante do concello de Malpica de Bergantiños , e acolle cerca da décima parte dos habitantes do municipio. Os demais lugares están formados por conxuntos de casas máis ou menos próximas cun número de vivendas que pode oscilar entre o medio centenar nos núcleos parroquiais e grandes lugares e media ducia nos máis pequenos. Existen tamén algúns casaríos illados.

*O lugariño de Buño,
pequeniño e vicioso,
que se dan as nenas nel
como as espiñas no toxo.*

A OLERÍA DE BUÑO

A industria artesá dos oleiros de Buño é activísima e da máis antiga estirpe, ata o punto que se coñece ós de Buño co alcume de «oleiros» en toda a comarca desde tempos antigos.

É unha industria artesá e tradicional e nela traballan unhas 30 ou 40 familias que se dedican á elaboración de cerámica tosca que poderíamos denominar de tipo céltico. Traballan en rudimentarios tornos de pé, moldeando a man e cunha celeridade vertixinosa o pelouro de arxila plástica ata que adquire a forma desexada.

Constrúen vasillas dunha gran variedade de formas desde as olas e xerras ata os pratos, fontes e «porróns» que, unha vez moldeados e secos, se levan ós fornos, que son catro para todos os talleres do lugar. Algunhas pezas decóranas en varias cores cun verniz brillante. As pezas máis toscas só se vernizan polo interior para facelas impermeables. Estas pezas, que adquiriron gran fama en todo o occidente de Galicia, véndense nas feiras da comarca e tamén en mercados exteriores.

A actividade industrial céntrase en varios talleres de confección e na fábrica “ El Progreso” , levantada en 1928 e que é a máis importante na comarca dedicada

á fabricación de toda clase de ladrillos e tellas, no lugar dos Barreiros da parroquia de Cerqueda, sendo o seu fundador o benfeitor que da nome o noso centro educativo Joaquín Rodríguez Otero.

3- SERVIZOS

A localidade conta cos seguintes servizos:

- Institucións.
- Servizos Sanitarios: Centro de Saúde, Farmacia.
- Comunicaci3ns: Oficina de Correos e Tel3grafos, parada de taxis e autobuses.
- Servizos sociais.
- Servizos Culturais: Eco - Museo” Forno do Forte” , ExpoBergantiñ3s Museo O Alfar, Casa do Oleiro.
- Formaci3n.
- Centros de Ensinanza: o propio centro educativo.
- Instalaci3ns deportivas: Campo de f3tbol e as pistas polideportivas sitas no centro escolar.

4- CONTEXTO EDUCATIVO

4.1.- CARACTERÍSTICAS SOCIO – ECONÓMICAS

As características socio – económicas veñen determinadas polas actividades económicas desenvoltas pola poboaci3n. No noso contorno xira entorn3 á agricultura, gandería e olaría, tendo especial relevancia esta última , tanto no

seu aspecto industrial como comercial. Na localidade , situada sobre terreos arxilosos e de gran plasticidade, xurdiu desde antigo unha industria cerámica popular que acadou fama nun gran sector de Galicia e na cal traballan a maior parte dos habitantes do lugar. Esta reflíctese na presenza de numerosos talleres de olería e locais comerciais no núcleo urbano , quedando situadas as actividades do sector secundario e primario nos núcleos dispersos próximos. Os datos estatísticos amósannos un nivel socio – económico predominante medio – baixo.

4.2.- REALIDADE SOCIO – LINGÜÍSTICA

Basearemos a análise da situación da realidade socio – lingüística no proxecto lingüístico elaborado polo EPLG do noso centro no curso 2010/11.

Procedeuse a recoller unha información fiable da situación do galego no noso contorno, partindo da recollida de datos dos alumnos/as e as súas familias.

O EPLG preparou, recolleu e iniciou a contabilización de datos usando como elemento de traballo as propostas de enquisas que figuran no texto “ A planificación lingüística nos centros educativos “ emitido pola Xunta de Galicia , as enquisas recibidas dende as familias de ed. infantil e do 1º e 2º ciclo de primaria, e as enquisas que cubriron os alumnos/as do 3º ciclo de primaria.

Tras esta recollida de datos o EPLG pode constatar que o noso Centro está situado nun contorno con predominio do galego pero cunha certa presenza do castelán.


C.- ANÁLISE DO CENTRO

1- ESPAZOS

As dependencias do centro están distribuídas da seguinte maneira:

EDIFICIO PRINCIPAL

Andar inferior:



Un local para dirección

Un local para secretaría

Un local para sala de mestres

Un local para servizos de reprografía

Un local para biblioteca co seu servizo

Un local para sala de xogos e usos múltiples.

Servizos de mestres e mestras

Vestíbulo.

Un aula de informática.

Un aula para Departamento de Orientación e Tutoría

Dous servizos de alumnos/as.

Un local exterior para caldeira de calefacción.


Dous locais para vestiarios.

Un local para gardar material deportivo.

Un pequeno almacén para uso do persoal de mantemento do Concello.

Un pequeno local (baixo as escaleiras) para gardar os utensilios de limpeza.

Andar superior:



Oito aulas (seis de educación primaria, unha de inglés e unha de música)

Un local para aula de apoio.


Un local para almacén.

Un local para aula de Audición e Linguaxe.

Un local para titoría.

Dous servizos de alumnos/as.


2º EDIFICIO.

PLANTA BAIXA ESCOLAS VELLAS

Dúas aulas para Educación Infantil (3 anos e 4-5 anos).

Aula cedida polo centro para o comedor escolar.

Servizos de alumnos/as.

PLANTA ALTA ESCOLAS VELLAS

Sede da A.N.P.A.

Aula para uso das actividades extraescolares.

Aula para usos múltiples.

Servizos alumnos/as.

RECINTO ESCOLAR

Un patio cuberto que serve de pista polideportiva.

Unha pista descuberta para voleibol.

Unha pista descuberta para baloncesto.

Unha pista descuberta para fútbol sala.

Zona de recreo para E. Infantil.

Zona axardinada e espazos verdes.

Fóra do edificio do Centro, pero anexo ao mesmo o patio cuberto é utilizado no horario lectivo para impartir as clases de Educación Física e para actividades complementarias.

2- ENSINANZAS QUE IMPARTE

O noso centro imparte as ensinanzas de 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.

3- ALUMNADO

O alumnado do noso centro procede da localidade de Buño e os núcleos de Cambre, Cerqueda e Leiloio. As súas idades abranguen dende os 3 anos ata o fin da educación primaria , sobre os 12 ou 13 anos.

O noso centro está adscrito ao IES Urbano Lugo de Malpica de Bergantiños.

4- PROFESORADO

Segundo a Orde do 12 de agosto do 2010 (DOG 23/08/2010) e a Modificación dos Cadros de Persoal (DOG 09/08/2011) , as unidades e postos de traballo que lle corresponden ao Centro son as seguintes:

POSTOS DE TRABAJO:

E. Infantil: 2

E. Primaria: 5

Filoloxía Inglesa: 1

Filoloxía Francesa: 1

E. Musical: 1

E. Física: 1

Pedagogía Terapéutica: 1

Audición e Linguaxe: 0 (1 mestra compartida con CPI As Revoltas)

Orientación compartida : 1

Relixión: 0 (1 mestra compartida co CEIP Milladoiro de Malpica e 1 compartida con CEIP As Forcadas)

5- PERSOAL NON DOCENTE

O centro conta coa presenza de unha persoa adscrita , sen exclusividade , polo concello de Malpica de Bergantiños ao noso centro. Realiza aquelas funcións encomendadas polo equipo directivo tras a aprobación do concello.

A limpeza do centro é realizada por outra persoa contratada polo concello e que realiza as súas tarefas fora do horario escolar.

6.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE ESCOLAR

O centro escolar conta con tres liñas de transporte a cargo da Empresa Pedro Pombo e os itinerarios que realizan partindo dende o centro son:

Ruta 1: O Empalme – O Tres - As Rabuceiras – A Raxeira – Brión – A Pedrosa – Aviño – Trémoa – Oseiro - Cambre 2 – Cambre 1.

Ruta 2: Cantalarana – Cerqueda (Igrexa) – As Pozacas – Leduzo

Ruta 3: O Quente – Sergude – Xornes 3 – Escola de Xornes 2 – Xornes 1 – A Praza

RUTAS	DURACIÓN DA RUTA	DISTANCIAS
Nº 1	45 minutos	12 Km.
Nº 2	20 minutos	3 Km.
Nº 3	20 minutos	5,2 Km.

COMEDOR

Dende o curso 2008-09 foi aprobada a creación do comedor escolar que comezou a funcionar o 1 de outubro dese mesmo ano.

Está xestionado pola ANPA do centro, segundo o artigo 4º da Orde do 21 de febreiro de 2007.

A súa modalidade de xestión é mediante a contratación da subministración de comidas preparadas a cargo da empresa MANDUCA CATERING.

O seu funcionamento prodúcese en horario de 13: 35 a 15:35 h., acollendo alumnos que comen diariamente , ademais dun número variable de alumno/as que o fan por días e/ou esporadicamente.

Provisionalmente, o local é unha aula sita no edificio anexo.

As actividades complementarias están organizadas pola empresa concesionaria.

7- RELACIÓN COAS FAMILIAS

As relacións coas familias son un obxectivo fundamental no desenvolvemento de toda acción educativa por parte do centro escolar. Para unha axeitada consecución deste obxectivo é necesario producir unhas canles de comunicación e relación axeitadas entre as familias e o centro educativo e aproveitar todas aquelas vías comunicativas dispoñibles .

A través das informacións dos titores/as aos pais/nais unha vez ao trimestre, as entrevistas particulares de cada un dos pais co titor/a como mínimo unha vez ao trimestre así como o convite aos pais a colaborar e participar nos proxectos desenvolto desde o centro (medioambientais ,animación á lectura, orientación e formación) e nas celebracións que realicemos durante o curso tales como O magosto, O Nadal, Entroido... buscarase esa comunicación.

O equipo directivo disporá dun horario de atención ás familias e facilitará os procesos comunicativos entre as familias e o centro.Así mesmo colaborará coa ANPA nas actividades extraescolares, así como naquelas tarefas que así o requiran.

8- RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

O centro escolar forma parte importante dunha sociedade , constituíndo un lugar de conexión entre os distintos membros da comunidade , especialmente en espazos rurais onde a dispersión da poboación é maior. O centro escolar convértese no principal espazo de coincidencia de todos os nenos e as súas familias , o que facilita a transmisión de comunicacións e informacións de interese para toda a comunidade.

Neste sentido , favoreceranse as relacións coas institucións municipais e culturais da localidade. Colaborarase en aquelas propostas educativas e

lúdicas que faciliten a participación de toda a comunidade escolar , prestando os medios espaciais e fomentando a participación.

Potenciarase a cooperación con aqueles proxectos formativos ou de investigación de organismos educativos dependentes das distintas Consellerías, onde se preste especial atención a aspectos de innovación educativa e medioambiental.

II- NOTAS DE IDENTIDADE

A.- PRINCIPIOS DE IDENTIDADE

A comunidade escolar do colexio CEIP Joaquín Rodríguez Otero, de acordo co sistema educativo vixente e a súa consideración das persoas, sociedade e educación, expón as características propias de identidade coa intención de conseguir un mellor funcionamento e alcanzar as finalidades propostas.

O obxectivo fundamental é “o que queremos alcanzar como educadores co noso alumnado, tanto dende o punto de vista intelectual, como persoal ou social; coas familias e, en xeral, con toda a comunidade educativa”.

A educación é unha tarefa conxunta e compartida por tódalas persoas que participan nela. É dicir, toda a Comunidade Educativa. Dende o centro, impulsárase a participación, cooperación, responsabilidade... tanto de padres, mestres, familias, persoal non docente, co obxecto de conseguir entre todos as metas propostas. Polo tanto, todas estas persoas están comprometidas a levar a cabo un proxecto educativo e unha xestión de actividades do centro.

B.- PRINCIPIOS DE CONVIVENCIA

A nosa sociedade, aínda que pasou por diversos cambios satisfactorios, aínda ten momentos de inxustizas, desigualdades, quebra da convivencia social... e mingúan

certos valores éticos. Dende o centro, hai que intentar que estes aspectos negativos tomen un carácter positivo.

Esta sociedade non é sempre a máis axeitada e favorable para o desenvolvemento do noso alumnado, pero hai que intentar formar persoas responsables e solidarias. Por iso, o centro Joaquín Rodríguez Otero, no ámbito que lle corresponde, procurará ser unha institución atenta a esas necesidades que se presenten, tanto sociais, do entorno, persoais, intelectuais... contribuíndo na formación dos alumnos, ao progreso, facendo que eles mesmos tomen interese sobre o seu entorno, cultura, tradicións e valores, implicándose nos problemas de contexto social e cultural no que viven.

En suma, o centro comprométese a educar en **liberdade**, para que o alumnado elixa as súas propias decisións e asuma as correspondentes consecuencias. Así adquirirán unha madurez persoal, fomentando a autonomía persoal mediante o compromiso e o esforzo

Tamén, comprométese a educar na tolerancia, solidariedade, paz e igualdade incidindo no diálogo, respecto mutuo e cara os outros pobos e culturas procurando que participen democraticamente na convivencia e relación diarias. Por tanto, declárase unha educación integral, que sirva para educar homes e mulleres responsables, solidarios e comprometidos cun mundo mellor e máis xusto.

C.- PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

O eixe principal é que toda aprendizaxe supón un cambio, tanto estrutural, como dos principios cognitivos previos, o que permite abordar novas aprendizaxes e crear no alumnado unha chamada de atención cara este novo concepto, que ten que estruturalo, organizalo, rexistralo e saber en qué momento debe ser empregado.

A meta é alcanzar unha educación de calidade, co obxecto de conseguir un éxito académico do alumnado, fomentando unha ensinanza baseada na experiencia e non só nunha ensinanza de carácter memorístico. Para este fin, os docentes planificarán as tarefas, de modo que as clases se convertan en experiencias de aprendizaxe,

aprendan a aprender, a pensar, razoer e comprender, para así integrar de xeito significativo todos os conceptos e experiencias previamente propostas.

Terase sempre en conta os coñecementos previos do alumnado, os diferentes estilos de aprendizaxe, aos nenos que posúan necesidades específicas de apoio educativo, para así lograr unha atención e ensinanza personalizada.

Todo isto lograrase a través dunha clase motivadora, activa, dinámica, cun apoio tutorial importante e cunhas actividades extraescolares e complementarias adecuadas.

Sempre manterase un mesmo obxectivo: a formación integral do alumnado e a preparación para o futuro nun mundo no que baixo a súa responsabilidade, terán que ser os protagonistas das melloras e progresos conseguidos.

A avaliación de dito proceso, farase mediante os diferentes instrumentos / pautas de avaliación, non só valorando os aspectos intelectuais; incidindo tamén no nivel de maduración, actitude, afectividade, axudando tamén a que o alumnado sexa capaz de autoavaliarse e crear unha boa persoa cara o futuro.

D.- VALORES

Temos en conta o acordo Universal dos Dereitos Humanos, a Constitución e as Leis Educativas. Desta forma, presiden na vida do noso centro os valores básicos dunha sociedade democrática: respecto, responsabilidade, solidariedade e tolerancia. A convivencia no Centro baséase en valores tales como respecto aos demais, diálogo e non violencia, solidariedade, compañeirismo, tolerancia, autoestima, creatividade, respecto á natureza e defensa do medio ambiente, respecto á diversidade, respecto e fomento das tradicións da nosa cultura. Por iso, consideramos necesario fomentar valores que preparen ao alumnado para a sociedade:

- Tolerancia, aceptando aos demais coas súas cualidades e as súas limitacións.
- Solidariedade, evitando situacións discriminatorias, favorecendo a cooperación, a aprendizaxe cooperativa e a convivencia.
- Igualdade, evitándose calquera tipo de discriminación.
- Participación activa.
- Respecto, non só cara ás persoas que forman parte da Comunidade Escolar e Social dentro da que se relacionan, senón tamén cara aos materiais que nos serven de instrumento no noso quefacer diario, e cara ao medio que nos rodea.
- Cooperativismo.
- Conservación do medio ambiente, vinculándonos á comunidade e ao contorno natural, e comprometéndonos co coidado do medio ambiente.
- Responsabilidade, favorecendo o interese por aprender, a seriedade no traballo e a madurez na reflexión.
- Diálogo e Educación para a paz, fomentando as capacidades relacionadas co ámbito das relacións interpersoais e de actuación e inserción social..
- Interculturalidade, sendo a diversidade cultural utilizada coma riqueza da convivencia, respectando a liberdade da persoa e a valoración positiva da diferenza.
- Democracia, mediante a participación na vida escolar valorando as condutas críticas e responsables.
- Autoestima e creatividade, valorando positivamente as capacidades e habilidades individuais, partindo delas para estimular o seu desenvolvemento persoal e social.

E.- PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

O noso centro educativo ten como prioridades de actuación tanto para Educación Infantil coma para Educación Primaria:

1. A atención á diversidade do seu alumnado.
2. A creación dunha base de ensinanza e aprendizaxe sólida.
3. O fomento do hábito da lectura.
4. A aprendizaxe de linguas estranxeiras.
5. A adquisición dunha competencia dixital.
6. O desenvolvemento das actividades complementarias
7. O impulso da solidariedade e a convivencia.
8. O desenvolvemento de actitudes de coidado do medio ambiente.

Así, preténdese conseguir:

1. Atención ao alumnado, dispoñendo de:

- Elaboración e actualización permanente de adaptacións curriculares individuais.
- Desenvolvemento do programa de reforzo educativo.
- E todos os recursos que podamos crear ou obter da Consellería de Educación ou outras entidades.

2. Base fundamental , dotándolles dos coñecementos, instrumentos, valores e destrezas necesarias para proseguir con éxito a súa formación académica e persoal.

3. Fomento do hábito da lectura, potenciando as actividades do equipo da Biblioteca e implicando ao resto do profesorado, alumnado e as súas familias.

4. Aprendizaxe dos tres idiomas, potenciando e ampliando entre o noso alumnado o coñecemento e uso das tres linguas que forman parte do currículo, coas medidas organizativas que sexan precisas.
5. Adquisición de competencia dixital, en todos os ámbitos de organización e funcionamento do centro: nos procesos de ensinanza e aprendizaxe, na realización das tarefas escolares, na difusión da información, nos procesos administrativos e na comunicación coas familias.
6. Desenvolvemento das actividades complementarias, potenciando aquelas actividades complementarias, é dicir, as realizadas en horario lectivo dentro ou fóra do centro– que amplíen e enriquezan a formación académica do alumnado, poñéndolle en contacto directo coas manifestacións culturais e artísticas mais relevantes
7. Aplicación a través das actividades do centro dos valores de convivencia e solidariedade.
8. Concienciación dos problemas que afectan o medio ambiente e a necesidade de alcanzar un desenvolvemento sustentable.

III- OBXECTIVOS XERAIS

A.- DE ÁMBITO PEDAGÓXICO

PARA EDUCACIÓN INFANTIL:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar, explorar e valorar o seu contorno familiar, natural e social, establecendo diferenzas entre o contorno rural no que viven e o urbano.

- c) Desenvolver as súas capacidades afectivas, favorecendo o seu equilibrio socio -emocional.
- d) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia, de comunicación e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos a través do traballo das Habilidades Sociais.
- e) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión nas tres linguas do currículo.
- f) Iniciarse nas habilidades lóxico -matemáticas e á lectoescritura como medio de comunicación, información e gozo.
- g) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- h) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso da biblioteca e das tecnoloxías da información e da comunicación, como medios compensadores das desigualdades socioeconómicas do contorno.

PARA EDUCACIÓN PRIMARIA:

- a) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais e actitudes de prevención de riscos mediante a formación nas distintas áreas transversais: Educación para a Saúde, Educación Vial...
- b) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, respectando o pluralismo da sociedade na que vivimos.
- c) Desenvolver hábitos de traballo individual e grupal, de esforzo e responsabilidade nas diferentes actividades, así como fomentar a confianza, sentido crítico, interese, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.

- d) Adquirir habilidades para a resolución de conflitos, seguindo unhas pautas de actuación e fomentando a autonomía do alumno/a a través do traballo das Habilidades Sociais.
- e) Coñecer, aprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, non discriminando a persoas con discapacidade.
- f) Coñecer e utilizar en diferentes ámbitos (oral, escrito e lectura) nas tres linguas do currículo.
- g) Adquirir nunha lingua estranxeira (inglés) a competencia comunicativa básica para poder comprender mensaxes sinxelos.
- h) Desenvolver as competencias matemáticas básicas para ser capaz de solucionar problemas e aplicalos á vida cotiá.
- i) Coñecer, valorar e diferenciar os distintos contornos; a nivel social, natural e cultural.
- j) Iniciarse na utilización da biblioteca e das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un sentido crítico e motivando ao alumnado cara ese aprendizaxe.
- k) Utilizar diferentes representacións e expresión artísticas, tanto manuais, musicais, visuais ou dramatizacións de diferentes contos.
- l) Fomentar hábitos de hixiene e de saúde, aprendendo a coidar o noso corpo, empregando o deporte como medio para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Valorar e protexer, na medida do posible, a fauna e flora máis próxima ao centro, mediante a Educación Medioambiental.
- n) Desenvolver as capacidades afectivas entre o alumnado.
- o) Mellorar e aumentar actitudes de prevención de riscos mediante a formación nas distintas áreas transversais: Educación para a Saúde, Educación Vial...

B.- DE ÁMBITO INSTITUCIONAL

- a) Fixar canles de participación efectiva nos distintos compoñentes da comunidade educativa, para favorecer o proceso de ensinanza - aprendizaxe, establecendo canles de comunicación entre os distintos sectores que forman o centro e entre este e o contorno.
- b) Procurar o aproveitamento e conservación dunhas instalacións axeitadas e uns recursos modernos para toda a comunidade educativa.
- c) Establecer e animar todo tipo de relación coa administración e con outros centros educativos locais, provinciais e nacionais.
- d) Impulsar a participación activa de todos os membros da comunidade educativa na xestión democrática e transparente do centro, distribuíndo as competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
- e) Potenciar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación.
- f) Difundir o Regulamento de Réxime Interior entre toda a comunidade educativa para o coñecemento de dereitos e deberes por parte de todos/as.
- g) Lograr que os pais/nais se sintan partícipes na educación dos seus fillos.
- h) Realizar actividades de convivencia, cooperación e colaboración coas familias.

IV- CONCRECCIÓN DO CURRÍCULO E TRATAMENTO TRANSVERSAL NAS ÁREAS**A. CURRÍCULO DE E. INFANTIL****OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.
- Recoñecer as necesidades básicas de hixiene e alimentación e ser autónomo no coidado de si mesmo/a : vai só ao WC, come só, vístese só, procura manter os espazos limpos e ordenados.
- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión a través do xogo, coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar de forma ordenada a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e mais evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio, amosando actitude positiva polas diferenzas individuais: idade, sexo etnia, cultura, personalidade, características físicas.

OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE COÑECEMENTO DE CONTORNO

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, establecendo diferenzas entre o contorno rural no que viven e o urbano, xerando interpretacións sobre algunhas situación e feitos significativos, e mais mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Relacionarse coas demais persoas e grupos sociais máis próximos, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, coñecendo algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega – expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía....
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, podendo ordenar un conxunto de obxectos empregando diversos criterios sucesivamente (forma, cor, tamaño), colocando e localizando obxectos empregando as nocións (dentro- fóra, arriba- abaixo, diante detrás.
- Recoñecer algunhas formas xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo.
- Coñecer a serie numérica ata o nº 10 e asociar eses números coas cantidades que representan.

OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as diversas linguaxes(verbal, non verbal, artístico) como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo; empregando expresións convencionais para saudar, despedirse, agradecer, solicitar axuda : bo día, ata mañá, grazas, por favor...
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas,números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representa os pensamentos, experiencias, coñecementos, idease intencións das persoas.
- Expresarse e comprender de forma oral nas tres linguas do currículo con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos,valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Iniciarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos, comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita; recoñecendo a funcionalidade dos textos: recoñece o seu nome e o dos compañeiros, os diferentes carteis dos recunchos da aula.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso da biblioteca e das tecnoloxías da información e da comunicación, como medios compensadores das desigualdades socioeconómicas do contorno.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar mediante o coñecemento de obras artísticas e valorar as creacións propias e as das demais persoas.

B. CURRÍCULO DE E. PRIMARIA**OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE MATEMÁTICAS****1º CICLO:**

- Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá e gozar do seu uso.
- Recoñecer, ler, escribir, descompoñer e comparar números ata o 999.
- Recoñecer, ler e escribir os números ordinais ata o 10º.
- Comprender e resolver correctamente os conceptos de suma e restas sen levar e levando con números de tres cifras.
- Iniciarse na multiplicación.
- Adquirir estratexias para a resolución de problemas, aplicando as operacións traballadas.
- Elaborar estratexias sinxelas de cálculo mental.
- Representar e interpretar con gráficos
- Utilizar instrumentos de medida: a regra.
- Utilizar as unidades de capacidade (l), masa (kg, g), lonxitude (m, cm), tempo (en punto, e media, e cuarto, menos cuarto) e diñeiro (moedas e billetes).
- Utilizar de maneira polivalente os distintos espazos do centro.
- Recoñecer figuras planas (triángulos, cuadriláteros) e corpos xeométricos (prismas, pirámides, cilindro, cono, esfera).

2º CICLO:

- Recoñecer , ler , escribir , descompoñer e comparar números ata 9.999.999
- Resolver correctamente sumas, restas, multiplicacións e divisións por dúas cifras

- Recoñecer figuras planas e corpos xeométricos. prismas, pirámides e corpos redondos(cilindro, cono e esfera)
- Utilizar todas as unidades de lonxitude ,de capacidade (litro, $\frac{1}{2}$ l 1/4l,),de masa (Kg, gr, 1/2kg, 1/4kg), todas as de tempo, e as de diñeiro (moedas e billetes) e resolver problemas con elas.
- Ler correctamente o reloxo de agullas e o dixital.
- Resolver correctamente problemas de dúas operación como mínimo.
- Comprender os conceptos de fracción e número decimal.

3º CICLO:

- Ler , escribir, comparar e descompoñer números ata 999.999.999.
- Realizar todas as operacións con números naturais, enteiros , decimais e fraccións.
- Ler e escribir números romanos.
- Resolver operacións combinadas de suma, resta, multiplicación e división.
- Calcular potencias.
- Recoñecer e calcular múltiplos e divisores así como o m.c.d. e m.c .m.
- Identificar diferentes tipos de ángulos e realizar sumas e restas de ángulos.
- Clasificar figuras e corpos xeométricos (triángulo, cuadrilátero, pirámide e prisma) no plano e no espazo e identificar os seus elementos(lados,vértices,arestas e caras).
- Recoñecer o círculo, a circunferencia e os seus elementos: radio, diámetro, corda, arco ...
- Coñecer e utilizar as unidades de lonxitude, capacidade, masa, superficie, tempo e diñeiro no sistema internacional e facer cambios de unidades.
- Calcular porcentaxes e utilízalas en situacións da vida real.

- Realizar cálculo de áreas e volumes.
- Utilizar instrumentos de medida (escuadra, cartabón, transportador de ángulos) e comprender a súa utilidade.
- Coñecer as variables estatísticas: frecuencia absoluta, frecuencia relativa, media e moda e representar datos mediante diagramas de barras, táboas e gráficos.
- Resolver problemas aplicando todo o aprendido.
- Efectuar operacións de cálculo mental cada vez máis complexas relativas a todo o aprendido.

OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE LINGUA GALEGA

1º CICLO:

- Expresarse de forma axeitada gardando a quenda de palabra.
- Valorar a riqueza das linguas como instrumentos de comunicación e expresión propios.
- Comprender textos orais e escritos procedentes de distintos soportes (libros,prensa, televisión, radio....).
- Reproducir textos sinxelos de tradición oral (refráns, adiviñas, cantigas..).
- Identificar e extraer as ideas principais dunha mensaxe dada.
- Escribir utilizando as normas ortográficas básicas traballadas (maiúsculas, mp, mb, punto).
- Desfrute e goce da lectura silenciosa e oral (biblioteca, aula...).

2º CICLO:

- Producir textos escritos de carácter narrativo, descriptivo e informativo, previa elaboración dun sinxelo plan ,aplicando estratexias de relectura e reescritura e de consulta en dicionarios.
- Ler textos adecuados a súa idade comprendendo o seu significado, valorando a súa expresividade e o seu sentido global, con fluidez e entoación adecuadas.
- Recitar e representar textos literarios poéticos, dramáticos e narrativos, co ritmo e coa entoación adecuados.
- Recoñecer distintos tipos de palabras: substantivos, artigos, adxectivos, demostrativos, posesivos, pronomes persoais , verbos, adverbios e enlaces.
- Participar en situacións de comunicación, amosando actitudes de iniciativa, respecto ante as intervencións doutros interlocutores e interese cara a diversos temas.
- Comprender a necesidade de aprendizaxe e aplicación das normas ortográficas nas propias producións escritas: palabras con h, palabras con b, palabras con v, verbos en –ber / -ver, verbos en –bir / - vir, palabras sen – l -, palabras con es-/ex -, palabras sen –n-.
- Coñecer e empregar correctamente as contraccións.
- Utilizar correctamente os signos de puntuación: punto,coma, interrogación e admiración.
- Empregar estratexias de comprensión de textos coma o subliñado de ideas principais, a distinción e relación destas respecto das accesorias, nos esquemas de organización do texto e o resumo dos seus contidos.
- Valorar a lectura como fonte de información, pracer e entretemento e fomentar o uso da biblioteca escolar e das NNNTT.

3º CICLO:

- Ler e escribir textos narrativos e recoñecer as súas partes, ordenar os feitos e distinguir o narrador e os personaxes.
- Describir obxectos, lugares e persoas, tendo en conta as características físicas e psicolóxicas, no seu caso.
- Escribir cartas utilizando fórmulas de cortesía.
- Redactar textos biográficos.
- Ampliar o vocabulario relacionado coas temáticas traballadas na aula, incluíndo palabras homónimas, individuais, colectivas, eufemismos, parónimas e neoloxismos.
- Redactar textos biográficos.
- Inventar diálogos en estilo directo e indirecto.
- Distinguir as partes da oración: suxeito, predicado e complementos: directo, indirecto e circunstanciais.
- Analizar gramaticalmente as distintas partes da oración: substantivo, adxectivo, verbo, artigo, determinante, pronome, conxunción.
- Acentuar correctamente palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- Recoñecer as principais características da literatura en verso, prosa e das obras teatrais.
- Presentar os traballos ordenados e limpos.
- Empregar correctamente as regras ortográficas: “b-v”, “c-z”, “s-x”, “r-rr” e “h”.
- Dividir correctamente as palabras ao final de liña.

OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

1º CICLO:

- Expresarse de forma axeitada gardando a quenda de palabra.
- Valorar a riqueza das linguas como instrumentos de comunicación e expresión propios.
- Comprender textos orais e escritos procedentes de distintos soportes (libros,prensa, televisión, radio....).
- Reproducir textos sinxelos de tradición oral (refráns, adiviñas, cantigas..).
- Identificar e extraer as ideas principais dunha mensaxe dada.
- Escribir utilizando as normas ortográficas básicas traballadas (maiúsculas, mp, mb, punto).
- Desfrute e goce da lectura silenciosa e oral (biblioteca, aula...).

2º CICLO:

- Producir textos escritos de carácter narrativo, descritivo e informativo, previa elaboración dun sinxelo plan, aplicando estratexias de relectura e reescritura e de consulta en dicionarios.
- Ler textos adecuados a súa idade comprendendo o seu significado, valorando a súa expresividade e o seu sentido global, con fluidez e entoación adecuadas.
- Recitar e representar textos literarios poéticos, dramáticos e narrativos, co ritmo e coa entoación adecuados.
- Recoñecer distintos tipos de palabras: substantivos, artigos, adxectivos, demostrativos, posesivos, pronomes persoais , verbos, adverbios e enlaces.
- Participar en situacións de comunicación, amosando actitudes de iniciativa, respecto ante as intervencións doutros interlocutores e interese cara a diversos temas.

- Aplicar as regras de acentuación de palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- Distinguir ortograficamente entre os vocablos -b e -v, g e j , e palabras con h.
- Utilizar correctamente os signos de puntuación: punto, coma, interrogación e admiración.
- Conxugar e empregar adecuadamente os diferentes tempos verbais.
- Empregar estratexias de comprensión de textos coma o subliñado de ideas principais, a distinción e relación destas respecto das accesorias, nos esquemas de organización do texto e o resumo dos seus contidos.
- Valorar a lectura como fonte de información, pracer e entretemento e fomentar o uso da biblioteca escolar e das NNTT.

3º CICLO:

- Caracterizar os personaxes dun conto.
- Coñecer as características das fábulas e das lendas.
- Recoñecer a estrutura dun texto narrativo.
- Distinguir un relato de aventuras e unha historia antiga.
- Escribir diálogos, cartas de presentación, noticias, artigos e crónicas.
- Ampliar o vocabulario relacionado co trabado na aula.
- Utilizar o dicionario correctamente.
- Coñecer as regras ortográficas e aplicarlas correctamente.
- Analizar oracións morfolóxica e gramaticalmente.
- Identificar e formar palabras agregando sufixos e prefixos (hiper-, sub-, -ble, -mente...)
- Analizar versos tendo en conta a súa rima e a súa métrica.
- Apreciar a lectura como fonte de pracer, entretemento e información.

- Ser quen de identificar e redactar textos argumentais, informativos, expositivos e entrevistas.
- Dividir correctamente as palabras ao final de liña.
- Empregar correctamente todas as regras ortográficas estudadas.

OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

1º CICLO:

- Desenvolver actitudes de interese polo estudio, protección e conservación do patrimonio natural, cultural e artístico.
- Coñecer e coidar o seu corpo e o dos demais.
- Identificar e practicar costumes de vida sa (alimentación, hixiene...).
- Coñecer os distintos tipos de plantas (árbores, arbustos e herbas) e saber poñer exemplos de cada unha.
- Identificarse como membro dun grupo (aula, aldea, concello...) e acadar as decisións tomadas polo mesmo.
- Coñecer distintos tipos de traballo e valorar a importancia de todos eles.
- Decatarse e valorar a importancia da auga e do aire na nosa vida.
- Recoñecer e coñecer a importancia das máquinas para facilitarnos a vida.
- Coñecer a importancia do Sol e a súa influencia na Terra.
- Distinguir e recoñecer as distintas características dos tipos de paisaxe: costa e montaña.
- Fomentar o uso das NNTT.

2º CICLO:

- Identificar as partes principais do corpo, os órganos, o aparello dixestivo, o aparello respiratorio, o aparello circulatorio e o aparello excretor e as súas funcións principais
- Desenvolver costumes de alimentación sa e equilibrada, así como hábitos autónomos de hixiene, coidado corporal e saúde.
- Recoñecer os principais tipos de plantas(árbores, arbustos e herbas) citando as súas características máis importantes.
- Coñecer as características dos minerais, as rochas e o solo.
- Comprender o concepto de ecosistema e as relacións que nel se establecen.
- Coñecer as propiedades da materia, así como os seus cambios.
- Comprender o concepto de enerxía e o seu uso.
- Situar no mapa continentes, océanos, comunidades autónomas, provincias de España, e ríos e relevo de Galicia).
- Diferenciar os seguintes conceptos: país, comunidade autónoma, comarca e municipio.
- Identificar os principais tipos de paisaxe (costa e interior) e recoñecer os elementos naturais e humanos máis característicos de cada un deles.
- Coñecer as principais actividades económicas do sector agrario, industrial e de servizos.
- Comprender conceptos básicos como tempo, historia, século,... diferenciar as épocas máis importantes da historia e distinguir os cambios na sociedade a través da historia(Prehistoria, Os Romanos, Idade Media).
- Desenvolver actitudes. de interese polo estudio, a protección e a conservación do patrimonio natural, cultural e artístico.

- Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento construtivo e de respecto polos demais compañeiros e interiorizar as normas de funcionamento democrático no grupo escolar.
- Fomentar o uso das NNTT.

3º CICLO:

- Coñecer as partes dunha célula distinguindo entre célula animal e vexetal e diferenciando seres vivos unicelulares e pluricelulares.
- Coñecer os cinco reinos de seres vivos e as súas características.
- Aprender os diferentes grupos en que se clasifican as plantas.
- Saber como fabrican o seu alimento as plantas e como se reproducen.
- Fomentar o coidado da natureza: animais e plantas.
- Afondar no concepto de ecosistema, os seus compoñentes e a relación entre eles.
- Diferenciar as capas que forman a Terra.
- Saber como se producen os volcáns e os terremotos.
- Diferenciar os compoñentes do sistema solar.
- Comprender a función de nutrición e saber o que son os nutrientes.
- Comprender as función dos distintos aparellos (dixestivo, respiratorio, excretor, circulatorio e reprodutor).
- Aprender que é a función de relación.
- Comprender como funcionan os órganos dos sentidos.
- Descubrir as diferenzas entre caracteres sexuais primarios e secundarios.
- Aprender o que son a saúde e a enfermidade.
- Adquirir hábitos de hixiene.

- Diferenciar as propiedades que a definen a materia así como os estados en que se pode presentar.
- Describir que son as máquinas e cal é a súa función.
- Aprender que é a velocidade
- Definir a forza de gravidade.
- Coñecer as cargas eléctricas.
- Recoñecer que son os imáns e o magnetismo.
- Coñecer as propiedades da enerxía.
- Coñecer as principais formas do relevo de Europa.
- Coñecer os ríos máis importantes de Europa.
- Interpretar mapas.
- Describir como é o clima de Galicia, de España e de Europa.
- Diferenciar os tres sectores de produción en que se reparte a poboación activa europea.
- Introducir o estudio histórico dende a Idade Media ata o século XIX.
- Apreciar a importancia do estudo da Historia para coñecernos mellor.
- Descubrir que é a Unión Europea e quen a forman.
- Fomentar o uso das NNTT para o estudio da Ciencia e da Historia.

OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

1º CICLO:

- Comprender de forma global mensaxes orais sinxelas nas situacións habituais de clase (rutinas, saúdos, data , e tempo)

- Interactuar cos demais en situacións de comunicación de clase.
- Reproducir cancións e poesías traballadas na clase co ritmo e ton axeitados.
- Participar en tarefas de grupo ou parellas onde utilicen a linguaxe estudada.
- Recoñecer o significado de palabras e frases sinxelas pola súa pronuncia
- Introducir a lectura e a escritura en inglés co vocabulario traballado na clase.
- Apreciar o valor comunicativo da lingua inglesa a través das actividades de clase.
- Valorar os aspectos culturais da lingua inglesa nun contexto próximo e significativo para o alumno.(Halloween, Christmas ,Easter)

2º CICLO:

- Desenvolver interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- Comprender mensaxes orais en situacións de comunicación e responder a eles.
- Ler e obter información xeral e específica de textos breves e sinxelos relacionados cos temas traballados na clase.
- Elaborar textos escritos sinxelos, comprensibles e breves co vocabulario e expresións traballadas na clase.
- Identificar e reproducir aspectos do ton, o ritmo, a pronuncia e a acentuación característicos da lingua estranxeira.
- Apreciar o valor comunicativo da lingua estranxeira, mostrando curiosidade e respecto cara aos seus falantes e a súa cultura.(Pancake Day, Halloween, Christmas...)

- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver e reforzar a aprendizaxe así como a biblioteca.

3º CICLO:

- Desenvolver interese pola aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- escoitar e comprender mensaxes orais en diferentes situacións de comunicación traballadas na aula e responder a eles a través de tarefas concretas relacionadas co mundo dos nosos alumnos/ás.
- Ler comprensivamente e obter información xeral e específica de textos breves e sinxelos co vocabulario e expresións traballados na aula.
- Escribir textos escritos sinxelos (descrições, narracións...), comprensibles e breves con finalidades comunicativas.
- Identificar e reproducir aspectos do ton, o ritmo, a pronuncia e a acentuación característicos da lingua estranxeira.
- Apreciar o valor e uso comunicativo da lingua estranxeira, mostrando curiosidade e respecto cara aos seus falantes e a súa cultura (Halloween. Christmas, Easter).
- Manifestar confianza ante a propia capacidade de aprendizaxe e uso dunha lingua estranxeira
- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolver e reforzar a aprendizaxe así como a biblioteca.
- Utilización das estratexias básicas de produción de textos (elección do destinatario, propósito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos.

OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

1º CICLO:

- Coñecer o pentagrama como parte fundamental da linguaxe musical; concepto de liña e espazo.
- Asociar unha sílaba ou palabra (monosílaba, bisílaba) a unha figura musical: negra, silencio de negra, corcheas (ta, shh, titi)
- Recoñecer os diferentes tipos de son: longos /curtos ou fortes/suaves, do entorno, o silencio...
- Interpretar ritmos sinxelos (coas figuras dadas) con instrumentos de pequena percusión de madeira e metal, así como a recoñecemento auditivo dos mesmos e o seu nome.
- Iniciar á clasificación por familias dos instrumentos de percusión; madeira, metal e pel.
- Interpretar cancións aplicándolles un movemento ou un acompañamento rítmico con percusión corporal ou coa pequena percusión PAI.
- Debuxar a liña recta e curva; horizontal, vertical, aberta, ondulada e crear as formas xeométricas básicas (triángulo, cadrado, círculo e rectángulo).
- Saber combinar as cores primarias (vermello, azul e amarelo) e as súas mesturas e aplicalas nun debuxo coloreado por dentro e sen saírse do contorno.
- Analiza o espazo próximo: arriba – abaixo, diante – detrás, preto – lonxe, grande – mediana- pequeno, liso – rugoso, fino – grosso.
- Utilizar diferentes elementos, materiais e recursos para a realización de composicións plásticas; papel charol, seda, acuarelas con pincel, rotuladores...
- Tratar de debuxar o esquema corporal, así como elementos sinxelos da contorna e a paisaxe próximo, animais, elementos da natureza, casas...

- Traballar coa simetría como eixe central dunha composición.
- Integrar actividades artísticas colectivas no centro escolar.

2º CICLO:

- Recoñecer as partes dunha figura musical; cabeza, plica e corchete
- Clasificar as figuras musicais en función do seu valor: redonda, branca, negra, corchea e os seus repectivos silencios.
- Completar o pentagrama ca súa linguaxe; clave de sol e colocación das notas musicais.
- Continuar coa aprendizaxe dos signos musicais desta linguaxe; liña adicional, dobre barra, indicativo de compás...
- Coñecer os instrumentos de vento da orquestra; vento madeira e vento metal. Recoñecemento visual e auditivo.
- Interpretar coa frauta doce as notas SI, LA SOL e engadir FA, MI, RE progresivamente.
- Acompañar ritmicamente e corporalmente cancións dadas, así como introducir fórmulas rítmicas cos instrumentos de percusión indeterminada (P.A.I).
- Desfrutar e gozar coas interpretacións propias e grupais.
- Interiorizar as partes e trazos do esquema corporal da figura humana.
- Recoñecer a influencia da cor nunha representación dunha paisaxe; perspectiva e tempo.
- Coñecer cadros de pintores célebres e saber crear en base as características propias que presenta cada un deles.
- Organizar as formas e elementos no espazo e tempo; perspectivas, liña do horizonte, paisaxes, bodegóns...
- Iniciar o sombreado dalgún obxectos en función da luz, a saber transmitilo mediante a cor.

- O punto como fonte de coloreado nas obras
- Empregar materiais diversos nas distintas creacións artísticas, papel charol, seda, ceras brandas, rotuladores, acuarela...

3º CICLO:

- Coñecer e ver as diferenzas entre a música popular, culta e lixeira nas súas costumes, danzas e tipos de instrumentos.
- Valorar e coñecer os diferentes estilos de música, danza e instrumentos entre diferentes partes do mundo; Asia, África e Europa.
- Descifrar as mensaxes musicais empregadas nos medios de comunicación, radio, televisión, cine.
- Establecer equivalencias entre as figuras dadas; engadir a semicorchea e o seu silencio.
- Seguir ampliando o coñecemento dos signos musicais: os signos de repetición, de prolongación (puntillo, ligadura, calderón), os intervalos, a liña divisoria...
- Interpretar con instrumentos PAI e PAD (xilófono, metalófono e carillón), fruta doce... diferentes obras artísticas e posterior desfrute das mesmas.
- Recoñecer auditivamente obras de diferentes compositores e distinguir a súa tipoloxía; clásica, moderna, oriental, jazz...
- Debuxar obxectos, formas, animais, persoas no espazo desde diferentes puntos de observación, tanto en repouso como en movemento.
- Utilizar o sombreado nas creacións artísticas (bodegóns, paisaxes...) para a obtención de volume.
- Empregar diferentes elementos da paisaxe don diferente perspectiva.
- Crear composicións con formas xeométricas (uso do compás) utilizando a cor e a súa aplicación no círculo cromático.

- Formar con creatividade unha composición a través dun modelo realista dunha obra dalgún pintor coñecido.

OBXECTIVOS XERAIS ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

1º CICLO:

- Tomar conciencia da mobilidade do eixo corporal, en diferentes posicións, independizando os diferentes segmentos.
- Identificar e valorar situacións de xogo, tomándoo como medio de comunicación e establecemento de relacións cos demais.
- Consolida-los hábitos de limpeza específicos da actividade física (lavar as mans despois da clase...)
- Adoitar medidas necesarias para previr accidentes.
- Utiliza-las habilidades básicas na solución de problemas que impliquen unha axeitada percepción espazo - temporal.
- Aprecia-las distancias, o sentido e a velocidade nos obxectos móbiles.
- Participar de forma habitual en calquera tipo de actividade física, dun xeito lúdico, independentemente do resultado.
- Coñecer diferentes xogos e respecta-las súas normas.
- Non rexeitar a ningún compañeiro nos xogos.
- Desfrutar xogando.
- Evitar comportamentos agresivos e actitudes de rivalidade.
- Recoñecer como elementos propios dos xogos os feitos de gañar, perder e a colaboración - oposición.
- Axudar na organización das actividades ocupándose de dispor o material necesario e recollelo unha vez rematadas.

- Coñecer actividades físicas tradicionais de Galicia.
- Practicar ritmos e bailes populares sinxelos disociando diferentes segmentos do eixo corporal.
- Explora-los recursos expresivos do corpo por medio de movementos.

2º CICLO:

- Apreciar o exercicio físico para organizar o tempo de lecer como unha fonte para relacionarse cos demais, pasalo ben, coñecerse a si mesmo e ós demais.
- Coidar o corpo e a saúde adoptando hábitos de hixiene, alimentación e exercicio, prestando especial atención ás normas de seguridade que se establezan nas actividades.
- Esforzarse por participar nas actividades, valorando as posibilidades de mellorar a súa execución tendo en conta as súas posibilidades.
- Realizar xogos e actividades respectando as regras e normas, apreciando e disfrutando das contornas nos que se desenrolan ditas actividades (medio natural).
- Adecuar o movemento ás diferentes situacións e tarefas, coordinando os movementos de acordo cos estímulos perceptivos e as propias posibilidades.
- Valorar as execucións propias e as dos demais respectando o nivel de habilidade e destreza de cada quen, evitando calquera forma de discriminación.
- Participar en xogos e actividades competindo e/ou colaborando cos demais, evitando actitudes de rivalidade, agresividade ou frustración.
- Comprender e producir mensaxes a través da expresión corporal, utilizando as técnicas de dramatización, mímica e danza.

3º CICLO:

- Apreciar o exercicio físico para organizar o tempo libre como unha fonte para relacionarse cos demais, pasalo ben, coñecerse a si mesmo e aos demais.
- Organizar os hábitos adquiridos ou aprendidos na etapa que fan referencia a hixiene, alimentación, posturas, uso de espazos e materiais.
- Desenrolar calquera actividade dosificando o seu esforzo, procurando obter o máximo rendemento do mesmo, respectando ao compañeiro e recoñecendo as posibilidades de cada quen.
- Comezar a utilizar o movemento económico en todos os aspectos, e ser capaz de resolver situacións motrices máis complexas adaptando a súa percepción espazo -temporal.
- Desenrolar as capacidades motrices básicas e o coñecemento e control do corpo.
- Seleccionar xogos adaptados ás súas condicións coñecendo os movementos técnico -tácticos elementais deses xogos.
- Coñecer e practicar diversos deportes aceptando as regras do xogo e o triunfo e a derrota como feitos normais na competencia san.
- Utilizar o noso corpo para expresar sensacións propias, controlando movementos algo máis complicados que os de ciclos anteriores.

V.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

A organización, órganos de goberno e coordinación (e as súas atribucións); así como o funcionamento do Centro aparecen contemplados no R.O.C. (Decreto 374/ 1996 do 17 de outubro. DOG 21-10-96. Corrección de erros DOG 06-11-96 e DOG 08-01-97) e son desenvoltos no Regulamento de Réxime Interno do centro - aprobado polo consello escolar o 30 de xuño de 2010-.

ÓRGANOS DE GOBERNO E PARTICIPACIÓN

EQUIPO DIRECTIVO

Segundo o tipo de centro e número de unidades o Equipo Directivo está formado por tres membros , director, xefe de estudos e secretario, estando as súas competencias recollidas nos artigos 18,19,20,21 e 22 do RRI do centro.

CONSELLO ESCOLAR

A composición do Consello Escolar, está formada polo director do centro - que actuará como presidente- , o xefe de estudos, o secretario – con voz e sen voto- , cinco representantes do sector docente , cinco representante do sector de pais de alumnos , o representante do persoal non docente e o representante nomeado polo concello.

O Consello Escolar reunirase preceptivamente unha vez por trimestre, e sempre que se considere preciso.

As atribucións do Consello Escolar están recollidas no RRI, nos artigos 5 ao 13 , ambos incluídos.

OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA:

No curso 2007-08, seguindo as instrucións contempladas no Decreto 85/ 2007, do 12 de Abril, creouse no noso centro o Observatorio de Convivencia, do que forman parte a directora, a Xefa de estudos , a Orientadora, dous representantes do profesorado, un representante dos pais , un representante do persoal non docente e o representante do consello escolar que desempeñe as iniciativas e programas de coeducación escolar. De entre eles unha persoa actuará como Dinamizadora de Convivencia, impulsando as actividades propostas entre a comunidade educativa.

O seu funcionamento e atribucións están recollidos no artigo 11 do RRI do centro.

CLAUSTRO DE PROFESORES

Formado por todo o profesorado do centro. A adscrición do profesorado realízase, de acordo coa Orde do 22 de xullo de 1997, ao comezo de cada curso escolar.

A súa composición, funcións e atribucións están recollidas nos artigos 14 ao 17, ambos incluídos.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

As súas funcións e composición aparecen reguladas no artigo 26 do RRI.

VI.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD)

Ver en documento aparte.

VII.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

Ver en documento aparte.

VII.- PLAN DE CONVIVENCIA E REGLAMENTO DE RÉXIME INTERIOR (RRI)

Ver en documento aparte.

VIII.- PLAN LECTOR DE CENTRO

Ver en documento aparte.

IX.- PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Ver en documento aparte.

X.- PLAN DE INTRODUCCIÓN AS NOVAS TECNOLOXÍAS

Ver en documento aparte.

XI.- MELLORA DO RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO

O noso centro promoverá un compromiso educativo entre as familias ou titores legais e a propia escola onde deberá consignarse as actividades que tanto os pais/nais, profesorado e alumnado deben desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado. En liñas xerais, estableceranse unha serie de obxectivos para mellorar o rendemento académico do alumnado tendo en conta as probas da avaliación diagnóstica e de avaliación trimestral:

- O alumnado onde se observaron maiores carencias, sobre todo nas áreas instrumentais, deberanse incluír nos reforzos e apoios.
- Mellorar a ortografía, establecendo unha coherencia interciclos.
- Dar maior uso da Biblioteca, para fomentar a lectura
- Incidir na resolución de problemas, buscando estratexias comúns a nivel de centro.
- Incidir na busca de información e analizar as fontes.
- Favorecer desde o inicio de curso o adestramento na realización deste tipo de probas, para o desenvolvemento nas competencias.

XII.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PE

O seguimento e avaliación do PE realizarase , ordinariamente, pola comisión designada dentro do claustro de profesores cunha periodicidade anual. Os informes da comisión expóranse ante o claustro e o Consello Escolar. As conclusións destes informes teranse en conta para a actualización , seguimento e mellora do PE.

Con carácter extraordinario convocarase a comisión sempre que así o decida o claustro de profesores e/ou o Consello Escolar do centro.